



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcalde don Esteban Ares García

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión extraordinaria e urxente** que tivo lugar o día **4 de febreiro do 2026**, adoptou o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

1

3.- APROBACIÓN DO “DÍA DE ZERNADAS DE CASTRO” (18 DE MARZO) COMO FESTIVO LOCAL PARA O 2027

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

*Asunto: Fixación do “Día de Zernadas”, 18 de marzo, coma festivo local no ano 2027.
Expediente: 2026/X998/000006*

O Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, segundo as competencias outorgadas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e segundo os seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O Concello de Lousame decide postular, por terceira vez, a Zernadas de Castro como homenaxeado das Letras Galegas no ano 2027 co gallo dos 250 anos do seu pasamento, e a tal efecto encargou ao Departamento de Cultura que deseñase e propuxese as actividades necesarias para acadar esta finalidade.

Segundo: Dentro desas actividades atópase a de establecer de forma institucional como “Día de Zernadas de Castro” o 18 de marzo (data do seu nacemento), de xeito que esta actividade se una á programación que se deseñe para promover a candidatura de Zernadas de Castro no ano 2027 ante a Real Academia Galega.

Terceiro: O Pleno Corporativo, na sesión ordinaria do día 29/01/2026, acordou homenaxear á figura de Zernadas de Castro establecendo, de forma institucional, como Día de Zernadas de Castro o 18 de marzo (data do seu nacemento).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Como un paso máis para acadar o obxectivo de que Zernadas de Castro sexa a figura homenaxeada das Letras Galegas no ano 2027, o Concello considera que o "Día de Zernadas de Castro", 18 de marzo, sexa festivo local no Concello de Lousame no vindeiro ano.

Fundamentación Xurídica:

O Pleno Corporativo debe fixar dous días do ano 2027, que terán o carácter de festa local.

Á vista do expediente tramitado, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Establecer como día festivo local para o ano 2027 o 18 de marzo, Día de Zernadas de Castro.

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cando así o requiran.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

O Alcalde, Esteban Ares García

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero